

Vigo, 14 de novembro do 2023

Vitor Manuel Mariño Fernández

Secretario da Sección Sindical da CUT Citroën: 605830802

citroen@cutgaliza.org

NOTA DE PRENSA

Cuarto día de negociación onde a empresa puxo sobre a mesa a parte do articulado 13 a 23, dos cales manteñen a redacción que xa tiñamos. Só propoñen modificacións do articulado para limitar ou quitar dereitos, como por exemplo **que queren obrigarnos a desfrutar as vacacións a continuación da IT**, para quen estando de baixa coincida co tempo das vacacións, que si ben é o que se está facendo habitualmente, ata agora se fai só si é aceptado pola persoa traballadora, segundo a lexislación non pode ser imposto o seu desfrute.

Adaptarán as licenzas a nova lexislación pero aquí tamén traen sorpresa e propoñen especificar na redacción do permiso para probas prenatais, **só para xestantes**. Polo tanto antes o futuro pai/nai podía asistir a estas probas, acompañando a súa parella porque tiña esa licenza recoñecida en convenio, **agora só poderá acudir a muller xestante si @ outr@** proxenitor/a traballa na Citroën. Todo moi acorde aos tempos actuais, nos que se está potenciando a corresponsabilidade nos coidados.

Sorprendentemente, **piden a supresión do artigo sobre xubilación**, deixando as persoas traballadoras sen máis opcións que chegar ata os 67 anos, nada se fala de xubilación parcial con contrato relevo, nin pretenden establecer outro tipo de acordo que permita adiantar a idade de xubilación. Non debemos esquecer que hai un par de anos a dirección asinou un acordo sobre xubilacións, que basicamente **so lles afecta a eles e que aínda está en vigor, facilitándolles o tránsito cara a xubilación anticipada**.

Sobre o resto das propostas anteriores non hai avances, agás que hoxe propoñen ampliar os límite **da bolsa de horas da quenda da noite a 120h/mínimo e 150 horas/máximo**. Para nós sigue sendo un abuso esta bolsa de horas. Tamén pretenden que na noite **a obriga de prolongación sexa unha hora**, avisando antes do derradeiro descanso. **Con respecto ao dos sábados obrigatorios, piden máis tempo para poder dar resposta....**

Xa teñen tamén unha solución para o briefing... **Devolven 3 minutos do ANDÓN**, que xa eran **nosos, pero se seguen a apropiar dos 10 restantes....** Lembrar que este é tempo da nosa fatiga, que permitimos que fora usado pola empresa ao seu criterio.

Despois da pausa, fan unha proposta de modificación das axudas sociais, nas que fan unha repartición lineal das axudas. Sería unha cantidade fixa por ano, para as persoas sen fill@s ao cargo e o dobre para as persoas que si @s teñen. **A cantidade a decidirán na comisión que corresponda, onde a día de hoxe, só están as centrais asinantes do convenio. Por conseguinte isto elimina tódalas axudas sociais que tiñamos ata agora.**

Tamén presentan unha mellora dos servizos de **Alares**, que agora cambia de nome, **Vivo fácil** parece que se chama, pero parece que non cambian os requisitos case inalcanzables que se precisan para poder acceder a estes servizos. **Segundo nos comentan, temos unhas expectativas moi altas con respecto a este servizo por iso teñen que limitalo.**



Sobre o servizo de vending, está vez si que vai a funcionar co novo contrato, que vai a ser **a mesma empresa que temos actualmente**, teremos o mellor servizo do mundo mundial. **As novas máquinas case que van a ter intelixencia artificial**, pero nos tememos que seguiremos durante 5 ou 7 anos máis padecendo os mesmos problemas para poder tomar un café ou coller un bocadillo.

Con respecto a unha das partes do articulado máis importante no que afecta as cargas e ritmos de traballo, o de tempos e rendementos, Nada de nada, parece ser que aí non lles interesa evolucionar.

Atte.

Sección sindical da CUT

